

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVICIOS DE 3 POSTOS DE POLICÍAS LOCAIS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

O 06.08.2026 ditouse providencia da Alcaldía para a incoación dun expediente, con carácter urgente, para a provisión de tres postos de traballo na Policía Local no Excmo. Concello de Lugo, mediante a súa cobertura en comisión de servizos por un prazo dun ano prorrogable por outro.

Por mor disto, mediante este anuncio, ponse en coñecemento das persoas que puideran resultar interesadas e que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión.

As solicitudes deberanse presentar segundo as formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días hábiles que comezarán a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Xunto coa solicitude deberase achegar o currículo vital.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
3	POLICÍA LOCAL	11/266	A.E.	SVS.ESP	C1

Os criterios de selección serán os referidos a antigüidade, grao persoal, traballo e postos desempeñados así como a formación e/ou méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto a desempeñar.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, este anuncio inserirase no Taboleiro da sede electrónica e remitirase aos correos corporativos, así como ao BOP de Lugo.

Asinado dixitalmente,

A Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo

María Elena Candia López